

## O MUNDO DA VIDA COTIÁ AO TRAVÉS DA ANÁLISE DO FILME: “SECRETOS DO CORAZÓN”

Javier Cortizo Nieto  
Universidade de Santiago de Compostela

### Resumo

No traballo expoñemos a análise do mundo da vida cotiá como un factor necesario no proceso da aprendizaxe na educación primaria.

Relaciónanse os diferentes contidos do Deseño Curricular da Área de Coñecemento do Medio Social coa historia de vida de Javier Zablaza, personaxe central do filme “Secretos del Corazón”.

Indícanse os obxectivos que deben nutrir, metodoloxicamente, á historia persoal para o seu desenvolvemento curricular.

A necesidade de que os/as escolares teñen das experiencias concretas do mundo social para aprender a existir nos ámbitos familiar e social, é o que se tenta mostrar no traballo.

Exponse como tarefa urxente a necesidade de romper coa mitificación da escola e a de explorar novas formas de interacción no espazo escolar.

No anexo didáctico avógase pola conversación e propóñense dous textos para que os/as escolares reflexionen sobre os axentes que xeran a súa socialización.

**Palabras clave:** Vida cotiá. Egocentrismo. Historia persoal. Socialización. Existencia. Autopercepción. Familia. Escola. Interacción.

### Abstract

In this paper we offer an analysis of the everyday life as an essential factor in the primary education learning process.

Different curricula contents in the subject “knowledge of the social environment curriculum” are connected with the story of Javier Zablaza’s life, main character in the film “Secretos del Corazón” (Secrets of Heart).

We also point out the aims that should feed the personal story contents for its curricula development.

Children need to have concrete social experiences in order to learn how to exist in the family and social environment, an that is also intended to be reflectd in this work.

The need to break with the mytification of the school and to discover new forms of interaction in the school scene is expressed as urgent issue.

In the didactic appendix, we defend the conversation and two texts are presented so that children would think about the agents generating their socialization.

**Key words:** Everyday life. Egocentrism. Personal story. Socialization. Existence. Auto-perception. Family. School. Interaction.

## 1. Introducción

Neste traballo imos plantexar a análise do mundo da vida cotiá como un factor necesario no proceso da aprendizaxe na educación primaria e o seu engarce cos contidos que se recollen nos deseños curriculares base da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Como complemento didáctico para exemplificar o mundo da vida empregamos a película “SECRETOS DEL CORAZÓN” de Montxo Armendáriz, a súa ficha técnica aparece na bibliografía, que nos permite visualizar e ler como se desenvolve no mundo social e no mundo de vida o seu protagonista.

A película de “SECRETOS DEL CORAZÓN” permítenos recoller, na máxima amplitude, dous conceptos básicos sobre o que teñen que xirar o descubrimento e o coñecemento do mundo da vida: por unha banda, o concepto do egocentrismo e, por outra banda, o concepto de descentración.

Podemos ver e interpretar como Javier Zabalza está a experimentar un proceso de renovación permanente do egocentrismo e os seus procesos de aprendizaxe que fai na escola e no mundo da vida van acompañados por certas equivocacións sistemáticas e vemos nel como o egocentrismo aparece como a idea de que os pensamentos dos demais se concentran totalmente no propio eu. En canto ao concepto de descentración, Javier Zabalza está vivindo iste proceso e é o que lle provoca unha serie de conflitos, ímolo empregar como o fio conductor para ir clarificando as conexións que se establecen entre as estruturas do mundo da vida e as rupturas que se están a levantar co ámbito escolar.

## 2. Identidade e historia persoal: o seu tratamento curricular

Podemos ver en “SECRETOS DEL CORAZÓN” como Javier Zabalza no seu mundo de vida, é dicir, no entorno privilexiado onde se opera a produción e a recreación da historia persoal, como se enfronta continuamente á necesidade de elixir entre distintas formas de identidade e de pertenza a un entorno sociocultural. E tamén observamos que para superar as sensacións de medo e de anguria que iso lle provoca tende a ligarse coas dimensións emotivas máis inmediatas e ca busca da imaxe paterna.

Sabemos que nesta idade os escolares tenden a buscar formas de seguridade e de identidade, e esta necesidade está recollida nos DCB, así na Educación infantil na Área de identidade e autonomía persoal figura o bloque 7.2.1 onde se desenvolven diversos contidos sobre a Concienciación de si mesmo, e na Área do Medio físico e social faise referencia no bloque 8.2.1 a través dos diferentes contidos a desenvolver que ten o título de Contorno

Social, e na Educación Primaria reflíctese na Área de Coñecemento do Medio nos diferentes tipos de contidos nos bloques 8.4.1 e 8.7.1 que se titulan Coñecemento personal e autonomía no medio e A vida cotiá.

É conveniente, pois, unha análise breve dos significados de seguridade e de identidade desde a perspectiva do mundo social. Temos que incidir nunha idea básica e moitas veces reiterada: os nenos e as nenas forman parte dun entorno sociocultural e nunha primeira fase da súa vida establécese unha relación de dependencia que co tempo se vai flexibilizando, pero tamén cabe sinalar que a dependencia non é pasiva senón que se convirte nun instrumento a través do cal empezan a impoñerse ao socioambiente/ entorno que os envolve máis ou menos directamente.

Todos coñecemos ata que punto son imperativas as esixencias de nutrición, protección, compañía e seguridade, é dicir, as funcións vitais básicas dos máis pequenos. Desde a primeira infancia están dotados da capacidade de distinguir entre o que lles dá pracer e o que os/as fai sufrir. Sobre esta capacidade asentáse a construción da personalidade individual e da súa progresiva autonomía. E nenos e nenas viven esta ambivalencia durante un longo período vital, buscan ser recoñecidos polos demais, é dicir, identificarse cas figuras e modelos que lles propón o ámbito familiar e social.

A medida que medran e no proceso de socialización os escolares verifican unhas relacións co entorno cultural e ao mesmo tempo exploran novas formas de realización e de interacción no medio cultural. E ocorre, en moitas ocasións, que entran en conflito coas limitacións sociais do seu medio cultural, sendo o conflito neste intre basicamente individual e é preciso para a súa solución harmónica dotar de recursos aos escolares que lles faciliten a innovación creadora. Salientamos que Javier Zabalza e o seu irmán atopáanse nesta encrucillada da súa historia persoal.

### **3. A historia persoal: os seus obxectivos e a súa correlación cos contidos curriculares**

A historia persoal que tracemos cos escolares ten que facer fincapé en descubrir a relación dialéctica, esta negociación cotiá entre aspiración e posibilidade, entre utopía e realidade, entre creación e aceptación, e por iso temos que buscar os seus datos das explicacións e reconstrucións que os escolares efectúan para vivir e existir diariamente.

1. No bloque 7 do DCB de Educación Primaria hai diferentes contidos que exploran a historia persoal, así por exemplo:
2. No 8.10.1 Feitos e conceptos: 1. Iniciación ao pensamento histórico. O valor da historia individual: a historia persoal; 2. Iniciación á cronoloxía: A historia familiar. A vida neste século.

No 8.10.2 Procedementos: 1. Realización de traballos sobre a historia persoal, da familia, dun personaxe significativo do barrio ou da localidade..., empregando fontes orais, escritas, ou restos materiais.

Neste conxunto de contidos (feitos e conceptos, procedementos, actitudes valores e normas) propoñemos catro grandes obxectivos que os delimitamos e os formulamos como aparecen a continuación, pero queremos facer unha anotación importante e é a de que o desenvolvemento dos diferentes contidos se impregnen dos principios que nutren os obxectivos:

1. Que os escolares capten a Totalidade da súa experiencia vital e nas dimensións espaciais e temporais. Desde a súa infancia ata o momento presente, desde o eu máis íntimo a todos cantos entran en relación significativa coas súas vidas, que inclúe as necesidades xeradas polas funcións vitais básicas, tendo que ser estas as que configuran as tramas de coñecementos dos contidos curriculares, e desde logo a inclusión das redes familiares e as relacións de amizade. Cando expresamos como obxectivo a captación da totalidade insistimos tamén na búsqueda da definición do presente persoal dos escolares e dos seus contextos situacionais, e polo tanto da percepción selectiva do cambio persoal e do cambio socio entornal.

2. Que os escolares, a través da súa historia persoal e familiar podan captar as dúbidas e ambigüidades, e isto é absolutamente necesario xa que temos que alonxarnos dunha visión estática e inmóvil das personas e abrírnos, polo tanto, a un proceso vital lóxico e racional. Temos que acadar que os escolares adquiran unha imaxe axustada de si mesmos e impregnada de acción, ser actores e non marionetas na realidade sociocultural. Na historia persoal e familiar os escolares teñen que descubrir todos e cada un dos cambios polos que van pasando: as ambigüidades, as faltas de lóxica, as dúbidas, as contradicións, a evolución no seu modo de pensar. Este obxectivo condúcenos á reflexividade pero tamén nos permite que os escolares perciban as situacións de cambio producidas no contorno social no eixe da temporalidade.

3. Que os escolares capten a visión subxectiva coa que cada un se ve a si mesmo e ao mundo social, cómo interpreta a súa conducta e a dos demais, é dicir, como atribúe méritos e impugna responsabilidades a si mesmo e aos demais. O captar a visión subxectiva introduce aos escolares na capacidade de negociar que toda vida require entre as súas tendencias expansivas e expresivas das personas e as esixencias de racionalidade para acomodarse no mundo social. Este obxectivo conleva o desenvolvemento do valor da tolerancia e tamén, a busca, dunha serie de habilidades sociais que os seus efectos son moi positivos no proceso de acomodación e producir a innovación creadora nas aprendizaxes escolares e tamén na aprendizaxe do mundo vital

4. A historia persoal e familiar ten que posibilitar aos escolares o descubrir a visibilidade dos fenómenos sociais e culturais na dimensión histórica e poder así comprender as claves interpretativas das diferentes paisaxes históricas que se analizan no Coñecemento do Medio Social, xa que son moitos

os fenómenos sociais que se entenden mellor se teñen ademais explicación a través das experiencias concretas das persoas, por exemplo no país galego o feito e o fenómeno da emigración.

#### **4. A autopercepción do medio social a través de Javier Zabalza**

Imos ver como Javier Zabalza, un neno de 8 anos, realiza unha tarefa de construción do mundo que o rodea, e como tamén nesta busca Javier constrúe nun proceso activo a súa propia identidade. E para acadala ten que avanzar na propia autopercepción, que a vemos como o resultado dun proceso complexo e dialéctico, no cal se combinan o autoconcepto e autoestima, para unha mellor comprensión de ámbolos dous conceptos recollemos o significado que lle dan McCarthy e Schmeck: *o autoconcepto é a estrutura cognitiva máis significativa de tódalas que organizan a experiencia dun individuo, mentres que a autoestima é o factor de evaluación máis influente e afectivo desta experiencia. O autoconcepto organiza todo o que pensamos que somos, o que pensamos que podemos facer, e como cremos que o podemos facer de ben, mentres que autoestima é a medida en que iso nos comprace e nos fai sentir dignos.*

Convén sinalar algo que nós sabemos que a conducta humana soamente a podemos entender desde a perspectiva da evolución e da adaptación ao medio ou entorno e que o desenvolvemento persoal é un proceso constructivo no que o suxeito participa moi activamente, e ao mesmo tempo hai que precisar que ese proceso de adaptación e identificación co entorno é conflictivo na súa mesma natureza. Non podemos esquecer que os procesos de socialización primaria e secundaria son a significación máxima do conflito que vivencian os escolares de Educación Primaria.

Por suposto que aceptamos que ambos modos de socialización son permanentes. De feito, a socialización non é máis que a internalización dunha visión do mundo, duns esquemas de significado e, en definitiva, dun universo simbólico, e neste sentido hai que ver as imaxes da película na que os rapaces lle tiran as pedras ao moneco. Nestas escenas estamos a ver a dimensión antropolóxica da agresividade como unha manifestación cultural e social, e na vida real e cotiá estamos a ensinalar aos nenos e as nenas o universo da agresividade, simplemente chega con ollar os preparativos cos que se adornan moitos acontecementos deportivos, por exemplo calquer domingo nos campos de fútbol.

É certo que as visións do mundo cada persona as obxetiviza no mundo da vida de distinta maneira e polo tanto a percepción selectiva tórnase esencial xunto cos recursos intelectuais que se posúen, pero sen embargo a forma de obxetivizar unha visión do mundo é un xogo da linguaxe.

É necesario resaltar que nos procesos de socialización primaria e secundaria un dos aspectos máis decisivos é a encarnación dunha orde simbólica e esta é inseparable de dúas institucións esenciais no mundo da vida: a familia e a escola.

## 5. A familia, como escenario da vida cotiá

Antes de adentrarnos na análise das relacións que Javier Zabalza posúe e establece ca súa familia e ca escola, debemos reflexionar sobre cales son os eixes dos escolares, de oito a doce anos, que lles permiten a súa interacción no mundo da vida.

Dunha forma breve diremos que hai un proceso en marcha de expansión que camiña na dirección dunha integración co grupo de compañeiros/as, co correlativo despegue do ámbito familiar. Estase a producir unha obxectivización da percepción e comprensión de si mesmo e dos amigos/as, nestas idades acádanse actitudes críticas e razoadas, polo tanto transcende os seus puntos de vista e pode comprender os dos outros, adquiren o compromiso e o coñecemento das normas sociais, das distintas regulacións que constriñen a súa vida cotiá, e tamén das nocións sociais e culturais do entorno.

Parécenos moi importante salientar que se produce unha fractura coa concepción do compañeiro/a a favor do desenvolvemento da amizade, sendo fortalecida polos actos e situacións que comparten na vida cotiá, fóra dos ámbitos familiar ou escolar.

Imos tentar, agora, acercarnos a cales son as ideas que os escolares de oito anos posúen sobre a familia e simultaneamente observar a Javier Zabalza como busca a imaxe paterna.

Para poder dominar as relacións que se establecen entre os membros que compoñen unha familia, os escolares empezan por establecer os seus límites distinguindo, en primeiro lugar, os individuos que pertencen a ela dos que non e establecer as diferentes interrelacións que se dan no seu seo.

Arredor dos oito anos son capaces de coordinar diferentes criterios no momento de definir a familia, establecendo entre os seus membros lazos de consanguinidade e de filiación. Teñen unha definición precisa do que é a familia, “un conxunto de homes e mulleres que nacen uns dos outros”.

A descentración dos aspectos perceptivos e espaciais posibilita o establecemento de outro tipo de vínculos máis esenciais entre os elementos do grupo familiar, os que non perden a calidade de tales aínda que se alonxen do resto dos membros. A pertenza aséntase agora sobre criterios máis sólidos.

No coñecemento da familia mixtúranse elementos de tipo lóxico –inclusión –exclusión dos elementos derivados da pertenza de individuos a unha clase, organización social e xerárquica entre individuos– coas apreciacións conven-

cionais e morais dos individuos do grupo. A necesidade de dominar e coordinar ambos factores é unha dificultade máis que os escolares deben vencer.

O coñecemento das relacións de parentesco entre os membros dunha familia implica a realización a nivel representativo dunha complicada rede de relacións recíprocas, simétricas e asimétricas.

As categorías de filla-fillo xa non son asimiladas, neste período, a nena-neno, senón que, gracias á descentración de si mesmo que se opera no neno, pode aplicar esta categoría a calquera persoa, independentemente da súa idade. Iso repercute en tódalas demais relacións de parentesco, xa que pode ver os seus pais e os seus tíos como fillos dos seus avós e aceptar que unha persoa poida ser pai e fillo á vez.

As categorías de pai e nai reciben un tratamento similar, sendo descritas polos nenos e nenas a partir da característica esencial de ter fillos e non por atributos accidentais.

As relacións entre avós e netos son igualmente comprendidas e definidas como o pai do pai ou o fillo do fillo. A historia persoal dos nenos e das nenas teñen nas figuras dos avós un referente esencial. E iso por varias razóns aínda que neste momento convén que salientemos que os avós son o punto de inicio da memoria familiar coa amplitude de significados que lle outorgan os nenos e nenas. E podemos ver como Javier Zabalza na súa relación co avó busca descubrir unha parte dos enigmas que están a condicionar a súa historia persoal.

## **6. A experiencia concreta como factor e elemento da existencia**

Debémonos facer dúas preguntas neste punto: unha primeira sobre ¿cáles son as relacións de Javier co seu entorno familiar?. E unha segunda sobre ¿cómo é a familia, agora, na nosa sociedade?

Javier ten un referente no seu irmán, que é para el o guía que lle axuda a adentrarse nos distintos enigmas que se lle presentan no mundo da vida. Fantasía e realidade emerxen con forza nas relacións dos dous irmáns.

En "Secretos del Corazón" percíbese como Javier Zabalza quere aprender a existir, é dicir, dispónse a aprender a través da experiencia concreta, e quere apoiarse para iso no seu irmán, pero este asume que ninguén pode ensinarlle a outro a existir, senón unicamente axudarlle a dispoñerse de tal modo que non eluda os riscos que a existencia conleva, sendo moi ilustrativas as escenas que transcorren arredor da casa misteriosa, e o irmán ocúltalle os aspectos máis inquietantes, o irmán axúdalle a aprender pola súa conta a existir e ten que ser Javier o que se enfrente ás singularidades das experiencias que somentes poden ser persoais.

## 7. A evolución da familia en España

En canto á segunda cuestión que plantexabamos é preciso indicar que a evolución da familia en España hai que entendela dentro do proceso de cambio que se experimentou na sociedade española durante os últimos vinte anos. É dicir desde 1975, data de inicio da transición e a recreación dun novo corpo lexislativo, acorde cos países europeos, así, por exemplo, a lei do divorcio no ano 1981 é punto de partida ata culminar co recoñecemento das parellas de feito, en definitiva a lexislación familiar libérase dos controles impostos ata entón pola relixión oficial, é dicir, polo catolicismo.

A análise da forma de convivencia familiar lévanos directamente ao concepto de familia nuclear, é dicir, a constituída polo matrimonio e, no seu caso, os fillos. Así son dous de cada tres fogares españois e neles vive un 70% da poboación. A importancia desta forma de familia é debida ao proceso de urbanización e á homoxeneización dos modos de vida urbano industrial. No medio rural apréciase máis diversidade de formas familiares e unha maior presenza de familias extensas, pero a pesar de todo hai un avance considerable das familias nucleares.

Por debaixo da estrutura está o contido, é dicir, o conxunto de relacións entre os seus membros, os sistemas de roles e as actitudes familiares. Desde esta perspectiva estamos asistindo tamén a cambios significativos, aínda que estes son máis evidentes no plano das actitudes e das opinións. En xeral, obsérvase unha lenta transición nos roles conxugais, cunha distribución das tarefas domésticas máis igualitaria, sendo en gran medida debido á incorporación da muller na vida laboral.

Polo que se refire ao papel dos fillos/as dentro da familia e ás relacións con eles/as tamén se observan cambios. Aínda que seguen valorados como un factor da felicidade conxugal, xa non se considera que sexan imprescindibles para a realización persoal nen tampouco un elemento sen o cal a parella perde case todo o seu sentido.

Por último, hai que sinalar que as relacións forxadas no seo da familia prolónganse no tempo e exténdense no espacio. Así, pais/nais e fillos/as xa independizados manteñen unha interacción constante e procuran vivir uns preto dos outros. Isto permite manter unhas redes de solidariedade, por exemplo o coidado dos anciáns, ou transmitir uns valores culturais cun forte compoñente local.

## 8. A escola, como representación e escenario do mundo social

Temos que referirnos, agora, ao centro escolar e a cales son as ideas que posúen os escolares sobre a institución educativa.

En primeiro lugar hai que salientar que os/as escolares destas idades enumeran de maneira bastante organizada os diferentes sistemas que integran o centro escolar, así, por exemplo, sabe que o director/a ten unhas funcións organizativas, reconece as tarefas do persoal non docente, intúe que o profesorado realiza distintas actividades para conducir as clases.

En segundo lugar observase que son poucas as pontes entre as actividades escolares e o seu mundo de vida, sen dúbida o feito máis importante é que os escolares diferencian, por si mesmos os coñecementos recibidos na aula e os que adquiren fóra dela e non senten a necesidade de conectar uns cos outros.

Os coñecementos que aprende na vida cotiá apenas lles sirven na aula, non está acostumado a usalos pero tamén o que aprende na actividade escolar non o emprega no mundo da vida. É preciso, pois rachar esta dinámica e establecer unha forte interacción entre a escola e o mundo da vida.

Para busca vías de achegamento podemos indicar uns obxectivos básicos da educación escolar:

1. Que o centro escolar no seu proxecto curricular considere que debe apoiar e contribuir ao desenvolvemento psicolóxico e social dos escolares.

2. Que o PCC recolla nos diferentes contidos a forma de entender, explicar e actuar racionalmente sobre os feitos e fenómenos que estruturan o seu marco socio-cultural .

3. Que o PCC integre de forma axeitada unha aprendizaxe intelectual cunha aprendizaxe emocional que podemos sintetizar cunha aprendizaxe comunicativa, é dicir que os/as escolares asuman en plenitude a función vital básica de expresión e de comunicación cos demais.

4. Que o proxecto educativo busque a autonomía, potenciando a capacidade crítica dos escolares.

5. Que o PCC na súa aplicación lles permita aos/as escolares descubrir cal é a natureza da escola.

## **9. A inteacción e coñecemento do medio social**

O proceso da aprendizaxe (todo o proceso educativo), pero moi especialmente na Área de Coñecemento do Medio Social xa que a interacción é un concepto substantivo, é unha interacción social construída sobre un horizonte de significado e sentido, tanto desde o punto de vista da acción como da decisión.

Temos, pois, que precisar o significado que lle damos ao concepto de interacción e facémolo desde dous planos diferentes:

1. Interaccionismo simbólico.
2. Interacción na aula.

O interaccionismo simbólico ten as súas raíces no concepto do eu tal como o desenvolveu G. H Mead, que sostíña que a reflexividade era crucial para o eu como fenómeno social.

En “Secretos del Corazón” vimos como Javier Zabalza constrúe o mundo social segundo a súa capacidade de imaxinarse noutros roles sociais e a asunción do rol de outro é o que o leva a manter unha conversación interna para coñecerse a si mesmo.

Se prestamos unha atención axeitada ao que acabamos de indicar podemos facer unha formulación da definición do interaccionismo simbólico, nestes termos é, pois, *o estudio da relación entre o eu e a sociedade como proceso de comunicacións simbólicas entre os actores sociais.*

Sobre a interacción na aula temos que precisar varias e diversas cuestións, en primeiro lugar referirnos ao interese dos sociólogos da educación que mostran sobre o tema e que dun modo permanente e desde os anos 70 os diferentes estudos teñen unha orientación básica que é a investigación das institucións educativas e do modo que informan dos resultados da educación.

Usando as técnicas da etnografía, e operando desde o prisma do interaccionismo simbólico, os investigadores analizan as interaccións e os principios que constitúen o sistema social na aula ou no centro escolar.

Os diferentes estudos permiten facer catro grandes xeralizacións e que sintetizamos deste xeito:

1. O programa educativo oculto, coa súa función latente, de controlar aos escolares, é unha parte integrante do sistema social da escola.
2. Existen distintas subculturas nos/as escolares consistentes nun compromiso coa disidencia dos principios da escola.
3. As divisións dos escolares están influenciadas pola organización social da escola e polo medio do estereotipo e a clasificación dos individuos tanto polo profesorado como por outros escolares.
4. A interacción social entre os/as escolares e o profesorado é complexa, baseada nunha distribución asimétrica do poder que en ocasións provoca resistencias entre os/as escolares, e está influída polo modo en que os/as escolares aceptan os principios do centro escolar e sobre todo o programa oculto.

## 10. A escola, como espacio ecosocial

Hai que xerar unha dinámica que abra posibilidades reais de poñer coto e fin ás formas de interacción que se están a producir nas aulas, recambiar e reformular as formas de interacción; pasa por romper coa mitificación da escola como un espacio reservado á aprendizaxe académica e redescubrilo como espacio ecosocial, onde os sentimentos, a capacidade de seguridade, de autonomía, de participación e de ser capaces de que non existan alumnos/as invisibles, de ser capaces de fusionar os saberes do mundo da vida cos

saberes curriculares, tarefas fáciles de formular pero moi complexas na súa proxección práctica, como vía e estratexia de aproximación haberá que repensar nos principios que Pierre Vayer recolle en *Una ecología de la escuela*, pero seguen a ser os profesores e as profesoras os que a través de múltiples e sutís procesos de interacción cos escolares os que rompan coa mitificación da escola e a abran ao significado de máxima amplitude como espacio ecosocial, entendéndoo como un espacio de mediación e como un espacio onde os escolares desenvolvan a súa propia reserva de significados e que iso lles permita adquirir os novos significados do mundo social que se pretende que aprendan.

## Bibliografía

- Asensio, J. M. (1986): *Biología, educación y comportamiento*, Edit Ceac, Barcelona.
- Berger, P. (1993): *La construcción social de la realidad*, Amorrortu editores, Buenos Aires.
- Bettelheim, B. (1988): *Psicoanálisis de los cuentos de hadas*, Edit Crítica, Barcelona.
- Costa, A. (1983): *Saber ver el cine*, Edit Paidós, Barcelona.
- Crespi, F. (1994): *Aprender a existir*, Edit Alianza Universidad, Madrid.
- Delval, J. (1995): *El desarrollo humano*, Edit Siglo XXI, Madrid.
- Grimm, J. (1981): *El enano saltarín y El pequeño Garbancito*, Edit Vasco americana, Bilbao.
- Ibáñez Gracia, T. (1989): *El conocimiento de la realidad social*, Ediciones Sendai, Hospitalet del Llobregat.
- McCarthy, P. y Schmeck (1988): "Students Self- Concepts and the Quality of Learning" en *Public Schools and Universities*.
- Mead, G. H. (1982): *Espíritu, persona y sociedad*, Edit Paidós, Barcelona.
- Melich, J. C. (1996): *Antropología simbólica y acción educativa*, Edit Paidós, Barcelona.
- Morin, E. (1995): *Sociología*, Edit Tecnos, Madrid.
- Mitry, J. (1989): *Estética y psicología del cine*, Edit Siglo XXI, Madrid.
- Pico, J (1996): *Sociología y sociedad*, Edit Tecnos, Madrid.
- Rodrigo, M. J. (1997): *La construcción del conocimiento escolar*, Edit Paidós, Barcelona.
- Ruiz Olabuenaga, J. (1996): *Metodología de la investigación cualitativa*, Edit Universidad de Deusto, Bilbao.
- Torres, J. (1991): *El curriculum oculto*, Edit Morata, Madrid.
- Vásquez Bronfman, A. (1996): *La socialización en la escuela. Una perspectiva etnográfica*, Edit Paidós, Barcelona.
- Vayer, P. (1993): *Una ecología de la escuela*, Edit Paidós, Barcelona.

## 11. Anexo didáctico

### TEXTOS PARA CONVERSAR

#### *Introducción*

Estes textos oriéntanse para traballar en quinto e sexto de primaria, a intencionalidade é fomentar pautas de conversación ao mesmo tempo que buscan que os/as escolares identifiquen o seu entorno como unha fonte inagotable de aprendizaxes e ao mesmo tempo lograr que se impliquen nel fisicamente, emocionalmente e intelectualmente.

Estas tres dimensións son as que nos permiten que os/as escolares desenvolvan unha interacción intensa e duradeira consigo mesmos e co contorno sociocultural, pero sobre todo e ante todo o que se busca con estes textos é lograr que os/as escolares aumenten a súa capacidade autorreflexiva, entendendo a autorreflexión na súa máxima acepción de significados.

O seu punto de partida recollémolo do significado que lle da Morin: “a autorreflexión, é dicir, a capacidade de dividir o ser en dous, de considerarse suxeito e obxecto ao mesmo tempo” ata un punto de chegada que o enunciámos deste modo: acadar a necesidade de comprender que o coñecemento é unha autorreflexión subxectiva do entorno social, sendo neste onde xurde o coñecemento.

#### TEXTO -1

#### *A FAMILIA*

##### 1. A familia é un grupo social primario

A familia existiu desde sempre. Ademais é unha institución universal. Isto quere dicir que desde a aparición dos homes e mulleres ata hoxe e en tódolos lugares da terra a familia foi a célula básica da sociedade.

Son moitas as causas que explican a súa existencia e o seu carácter universal. O lento desenvolvemento do ser humano, sobre todo durante a infancia, fai que necesite coidados que lle son prestados pola familia.

Este feito é recollido na Constitución española no artigo 39-3 “Os pais deberán prestar asistencia de todo tipo ós fillos tidos dentro ou fóra do matrimonio, durante a súa minoría de idade e nos demais casos en que legalmente proceda”.

A familia cumpre moitas funcións e foron variando ao longo da historia e ao mesmo tempo foi evolucionando o concepto da familia, no grupo familiar

realízase a socialización e a aprendizaxe da vida cotiá, por exemplo, os costumes, as normas e as pautas de comportamento social, as nocións básicas do mundo social, as diferentes habilidades sociais, as obrigas e os dereitos que cada un ten e as formas de se relacionaren e a satisfacción das necesidades que xeran as funcións vitais básicas. Como vemos son elementos primarios que se necesitan para desenvolvernos cunha certa autonomía, e por iso e outras causas podemos dicir que a pesar de tódolos cambios que experimentou a familia, aínda unha das súas especificidades propias é ser un grupo social primario, e o noso primeiro ámbito de actuación e pertenza.

## 2. O vínculo da familia é o amor

Hoxe en día a familia está composta polos pais e os fillos e fillas. Chámase familia nuclear ou reducida. Antigamente as familias estaban compostas polos pais, os fillos/as, os avós e outros parentes. Chamábaselle familia extensa. E vivían todos na mesma casa. As causas deste gran cambio son múltiples e diversas pero na súa raíz son as grandes transformacións económicas e os movementos poboacionais, aínda que noutros espazos xeográficos e culturais manteñen as antigas estruturas, e nas sociedades occidentais estanse a abrir outras formas da concepción da familia, comezando a promulgación de leis que respectan as distintas singularidades.

Pero basicamente o núcleo familiar é un ámbito de convivencia, producido a través dun vínculo entre un home e unha muller. A motivación deste vínculo é o amor, e os fins, a mutua axuda e a felicidade. Non obstante en case tódolos países, entre eles España, existen leis onde se regula a ruptura do matrimonio, ocasionada pola incompreensión e a falla de amor entre os cónxuxes.

## A CONVERSACIÓN

*Como obxectivos básicos pretendemos acadar que os/as escolares comprendan que a familia é unha institución universal e que segue a ser a célula básica da sociedade. Tamén que asuman os distintos conceptos e vocábulos como, por exemplo, familia nuclear, familia extensa, grupo primario, funcións vitais básicas.*

A estratexias que se utilicen teñen que estar diversificadas, podemos incluso aceptar que o concepto das *funcións vitais básicas* sexa nuclear no desenvolvemento de todo o deseño curricular no Coñecemento do Medio Social, e que este concepto sexa configurador das *tramas de coñecemento* e que poda servir de factor e elemento harmonizador entre o que chamamos marco disciplinar e os problemas relevantes.

Estratexias diversificadas guiadas permanentemente pola reflexión, atendendo aos distintos contextos persoais nos que os/as escolares viven a súa existencia. Atentos, pois sempre, aos procesos de contextualización e descontextualización nos que se ten que desenvolver a aprendizaxe significativa.

Cunha clara intencionalidade simplificadora expoñemos, de seguido, unhas pautas que nos sirvan para que os/as escolares activen os resortes necesarios que melloren a dinámica do grupo e ao mesmo tempo acaden unha motivación profunda. Neste sentido convén sinalar que é importante que os/as escolares recoñezan a influencia do grupo no funcionamento e desenvolvemento individuais, a necesidade de que aprendan a técnica de adquirir habilidades para a participación no grupo e ao mesmo tempo que vexan o grupo como unha unidade no planeamento e no proceso educativo.

Isto é fundamental xa que facilita un cambio substantivo nos procesos interactivos ao tempo que permite que o profesorado e os/as escolares teñan unha maior e máis fácil visibilidade do conxunto de escolares que forman o grupo, evitando así algunhas das discriminacións que, ás veces de forma inconsciente, se construen no vida escolar, xa sexan elaboradas ou producidas polos profesores ou polos propios escolares e que estes trasladan ós seus ámbitos sociais cos diferentes riscos que iso conleva no mundo vital que experimentamos os homes e as mulleres correntes.

Como recomendacións básicas de traballo podemos operar en dous planos de actuación, por unha banda que os/as escolares conten e narren como é a súa familia, neste plano de traballo hai que encher de tódolos conceptos posibles as distintas informacións que aporten os membros da aula e na medida do posible relacionar as súas aportacións co conxunto dos contidos curriculares, por exemplo: cas actividades humanas, é dicir, co mundo sociolaboral, cos aspectos demográficos, co hábitat, cos medios de transporte etc; e por outra banda, que os/as escolares recollan dos medios de comunicación, escritos e audiovisuais, das diferentes noticias, imaxes e opinións que versen sobre a familia. Neste caso queremos puntualizar que nos estamos a referir nun polo de máxima amplitude, por exemplo, podemos analizar algunha das series de carácter familiar que emiten as cadeas de TV e que teñen na audiencia infantil e xuvenil a grande parte dos seus telespectadores.

Esta liña de traballo ten múltiples efectos didácticos, podemos citar algún deles, achegar informacións e opinións que poden enriquecer os seus coñecementos ao tempo que o introducen en problemáticas que afectan a institución familiar. Tamén distinguir ficción de realidade e ir tamén observando os distintos estereotipos sociais existentes sobre a familia.

---

 TEXTO- 2

## A ESCOLA

## 1. A escola é a iniciación da vida en sociedade

A escola ou o colexio son tamén ámbitos de convivencia. Xogamos, estudiamos e relacionámonos con máis xente é un marco social onde convivimos, establécense vínculos de amizade que se basean no afecto e na solidariedade. E tamén se xeran situacións e contextos de conflito que se deben aprender a resolver e buscar na medida do posible a integración. Incluso se participa na creación de discriminacións respecto a outros /as compañeiros/as que soamente se poderán acabar con elas se temos unha actitude firme de aceptación da diversidade e da igualdade e sobre todo se a actitude a convertimos en acción vital.

Na escola ou no colexio prodúcese a iniciación da vida en sociedade e convértese nun grupo de convivencia. Na escola aprendemos parte dos coñecementos que nos son necesarios para desenvolvernos no mundo social. Por iso se di que a escola axuda a socializa-lo individuo.

## 2. Os poderes públicos preocupáanse da educación

Os poderes públicos teñen a obriga permanente de se preocuparen pola educación. A Constitución española recolle, en dez apartados, no artigo 27, unha serie de cuestións relativas á educación.

Así, por exemplo, no apartado 1 do artigo 27, declárase “Todos teñen dereito á educación” “Recoñécese a liberdade de ensino” Neste apartado plantéxasen dúas cuestións distintas pero ambas son moi importantes. Na primeira cuestión sinálase que sen distinción e sen discriminación de ningún tipo a educación é un dereito, e ademais é lóxico que unha sociedade que defende para os seus cidadáns a igualdade, promova tamén o acceso de todos/as á educación. Na segunda cuestión o que se plantexa pode ter distintas interpretacións: por unha banda é posible centrar a cuestión na liberdade do profesor/a para o desenvolvemento do seu traballo, e pola outra en que os nenos/as e os pais/nais elixan con liberdade no sistema no que queren recibir o ensino ben no público ou no privado, ou en colexios laicos ou de ideario relixioso.

Tamén é moi importante o apartado dous do artigo 27 no que se di: “A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais”. Podemos destacar que a Constitución lle marca un obxectivo á educación que é a de conducir e levar aos nenos e ás nenas

á autorealización persoal no marco da convivencia social, polo tanto resaltamos que a escola ten que estar ao servizo da comunidade social.

### 3. Galicia ten plenas competencias en Educación

O Estatuto de Galicia proclama no artigo 31: que “é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades...”

Desde 1981 a Xunta de Galicia foi adquirindo o compromiso de promover a educación e a vida escolar no noso país.

### A CONVERSACIÓN

É preciso que asociemos, a través do Coñecemento do Medio Social, a escola co mundo vital e social dos/das escolares, para acadar un obxectivo básico que é o de comprender a natureza do que se fai na escola.

A comprensión do mundo escolar, da súa plena aceptación descansa en boa medida no éxito do desenvolvemento persoal e hai que recoñecer o mundo complexo que se constrúe arredor da escola para trasladar esa complexidade aos/ás escolares.

Unha das vías é que eles mesmos falen e pensen sobre a institución educativa desde todas as dimensións posibles e en todos os niveis educativos do ensino obrigatorio.

É necesario rachar coa mitificación da escola e convertila nun escenario da vida cotiá, pero isto presenta unha serie de cambios substantivos na mentalidade das persoas que participan na comunidade educativa.

Como pautas indicativas de traballo conversacional os/as escolares poden debater os diferentes conceptos do texto, aportar ideas do que aprenden fóra da aula e do modo que esas aprendizaxes poden ser empregadas nos contidos escolares, por exemplo como unha clasificación das ligas de fútbol pode servirnos para o estudo xeográfico ou para a clase de matemáticas, que os traxectos que realizan ao ir a escola serve para mellorar a percepción espacial.

## **FICHA TÉCNICA da película SECRETOS DEL CORAZÓN**

Director: Montxo Armendáriz.

Interpretes: Carmelo Gómez, Charo López, Silvia Munt, Vicky Peña, Andoni Erburu, Alvaro Nagore, Joan Valles, Iñigo Garcés, Joan Dalmau.

Vestiario: Josune Lasa.

Maquillaxe: Jorge Hernández.

Perruqueria: Fermín Galán.

SON: Gilles Ortion.

Xefe de produción: Puy Oria.

Música: Bingen Mendizabal.

Director de produción: Andrés Santana.

Montaxe: Rori Sáinz de Rozas.

Director de arte: Felix Murcia.

Director de fotografía: Javier Aguirresarobe.

Productores asociados: José Mazedo y Thierry Forte.

Producida: Imanol Uribe y Andrés Santana.

Guión y dirección: Montxo Armendáriz.

Ano de produción: 1997

Duración: 105 minutos